

Podcast Hora de Lectura

Profesoras encargadas: Rosa María Iglesias Galán e Susana Estevez.

Enmarcado dentro do **Club de lectura**.

Grupos participantes: alumnado de 1º e 3º ESO

Breve **descricaoión**: Podcast que xorde de dúas lecturas anteriormente programadas do Club de lectura nas que as novelas teñen relación co mar e os océanos (Vinte mil leguas de viaxe submarina e O último barco). Nel, establécese unha charla distendida cos estudantes que decidiron voluntariamente colaborar no podcast, sobre aspectos do libro non soamente falando dos seus elementos narrativos se non tamén a como aparece o mar reflectido nos mesmos, a súa importancia e o por que.

Obxetivos propostos:

1. Animar á lectura.
2. Mellorar a expresión oral.
3. Traballar a competencia dixital.
4. Aprender usar a mesa de mesturas e o programa [Audacity](#) de edición de audio.
5. Achegarse a mundo do mar e os océanos desde unha perspectiva diferente como é a que achega a literatura.

Cronoloxía: Esta iniciativa xorde unha vez completada a formación, recibida a través do [CEFORE](#) de Vigo, sobre [radio](#), especialmente despois de coñecer as oportunidades que nos ofrece o seu uso para o centro.

Como as lecturas xa estaban previamente pensadas, foi relativamente fácil lanzarse a realizar estes podcast xa que o tema ía parello co proposto para os Polos creativos. Por tanto, o primeiro paso foi ler os libros (un deles xa se iniciou a lectura con anterioridade).

O segundo paso, foi facer a reunión mensual do club de lectura e aí sacar xa unhas breves conclusións. Ademais, xa se pediron voluntarios para participar na gravación do podcast.

O terceiro paso, consistiu na preparación daqueles aspectos que se querían resaltar das novelas lidas. Preparamos unhas preguntas que os estudantes tiñan que traer medio miradas para logo non quedar totalmente en branco. Ningún traíallo aprendido de memoria o que fai que o podcast quede máis natural e ameno.

O cuarto paso, foi a propia gravación. Fixamos a data para un luns ao mediodía xa que hai clase mañá e tarde e os cinco estudantes que ían gravar tiñan dispoñibilidade para quedar a comer no centro, o que facilitaba o poder reunirse. Ensínouse ao alumnado para usar a mesa de mesturas, os micros e o programa [Audacity](#). Finalmente, despois editáronse os arquivos de audio dando como resultado dous podcast que realmente creo que son moi interesantes.

Valoración final: As dúas profesoras que traballamos de xeito conxunto no club de lectura quedamos gratamente contentas deste traballo. Cremos que os estudantes conseguiron os obxectivos propostos e levan con eles unha aprendizaxe moi interesante. Sen dúbida é unha actividade que se repetirá e que esperamos chegase para quedar para complementar ao Club de lectura.



